

B A S E S

1.- **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar como persoal laboral temporal a tres Auxiliares de Policía Local para a tempada de verán.

2.- **DURACIÓN:** 6 meses

RETRIBUCIÓN: 1.060,00 €uros brutos mensuais, por todos os conceptos.

3.- **CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.**- Para poder tomar parte na presente convocatoria, os/as aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) Ter máis de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.

b) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria ou equivalente.

c) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

Os aspirantes propostos no proceso de selección deberán superar o curso de formación que se desenvolverá na Academia Galega de Seguridade Pública, en caso de non posuílo.

4.- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- As instancias dirixiranse ao Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días, contados a partires do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e na páxina web municipal.

Para seren admitidos/as a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañaranse compulsadas:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia do título requerido.

c) Certificado médico no que se faga constar a aptitude do/a aspirante para realizar funcións de Auxiliar de Policía Local.

d) Celga 3, no caso de telo.

e) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán de 15,00 €uros os cales serán pagados na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: (BBVA ES17 0182 6246 3202 0036 0191) no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos "Dereitos de exame" e "Compulsas" ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Dna. M^a Herminia Porto Valcárcel (Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: D. Julio Fontaíña Couso (Tesoureiro do Excmo. Concello da Estrada)

SECRETARIO: Actuará con voz e voto

Titular: Dna. María Jesús Fernández Bascuas (Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Mónica Cardona Constenla (Aux. Administrativo de Admón. Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

VOGAIS:

Titular: D. José Luis Loureiro Rey (Inspector Xefe da Policía Local do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: D. Pablo Gómez Crespo (Policía Local do Excmo. Concello da Estrada)

Titular: D. Aurelio Fernández Bascuas (Oficial da Policía Local do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Paula Yebra Rovira (Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Titular: D. José Manuel Sanmartín Fernández (Policía Local do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Julia García Oya (Aux. Administrativo de Admón. Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

A lista de admitidos ás probas publicaranse no Taboleiro de Anuncios Municipal. Será causa de exclusión a non presentación da documentación preceptiva do apartado 4 das presentes bases. Os/as aspirantes excluídos, poderán no prazo de 2 días subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que fora motivo da exclusión. Neste mesmo acto farase público a data de constitución do Tribunal e da celebración do primeiro exercicio.

6.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS.- A oposición consistirá nas probas que se describen a continuación, que poderán ser realizadas no mesmo día, ou en diferentes días, a xuízo dos membros do Tribunal:

6.1.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física:

- Comprobación de estatura

Estatura mínima homes: 1,65 metros

Estatura mínima mulleres: 1,60 metros

- Probas físicas:

As probas físicas cualificaránse como apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/a aspirante colocarse en posición de partida, en pé de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e

marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nive alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar a s seguintes regras:
Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para sexo e grupo de idade:

	18- 36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Muleres	32 cm	28 cm	25 cm

Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase de pé.

Só se permite un intento.

O aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Muleres	5'00''	5'30''	5'45''

6.2.- Proba de coñecementos

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N = (A-F/3)/5$.

Sendo N = nota final da proba; A = preguntas acertadas; F = preguntas erradas ou non respostadas.

6.3.- Proba específica sobre o coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do Concello e a toponimia local.

Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

6.4.- Coñecemento da lingua galega.

Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 3, perfeccionamento, certificado de escola de idiomas ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o primeiro exercicio (proba de coñecementos) na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. As tres persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalicen os contratos. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

8.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partir do día seguinte ao que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñer-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexa a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO TEMARIO

- 1.- O municipio. Concepto e elementos. Competencias urbanísticas. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
- 2.- Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
- 3.- A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
- 4.- Lei de coordinación de policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
- 5.- A actividade da policía local como policía administrativa I : consumo. Abastos . Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

- 6.- A actividade da policía local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
- 7.- Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
- 8.- Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas como ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
- 9.- Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e coceptos xerais.
- 10.- Norma xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
- 11.- Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia de seguro obrigatorio.
- 12.- A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O/a auxiliar de policía e as suas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía

MODELO INSTANCIA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

D. con
 DNI nº..... ,con enderezo en
 ...
e nº de teléfono....., a V.S.;

EXPÓN:

Que enterado do anuncio da convocatoria para a contratación de tres Auxiliares de policía Local para a tempada de verán.

Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria, a V.S.;

SUPLICA: Se lle admita á práctica das probas para a indicada selección.

A Estrada, a de..... de 20

A Estrada, 23 de abril de 2015
 O ALCALDE EN FUNCIÓNS

Asdo: D. Alberto Blanco Carracedo